

CORRECCIÓN DE ERROS

AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOCTORAL 2023 LISTA DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE

En relación coas solicitudes das axudas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoctoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, convocadas pola Orde do 6 de xullo de 2023 (DOG número 138, do 20.07.2023), a Secretaría Xeral de Universidades e a Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 10 da citada Orde, requiren ás entidades solicitantes mediante este anuncio na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es/>) para que nun prazo de dez días naturais (**dende o día 11 de setembro de 2023**), formulen reclamacións para emendar erros ou falta de documentos das persoas interesadas ante a dirección da Axencia Galega de Innovación, e acheguen a documentación oportuna.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que a entidade solicitante desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e logo da correspondente resolución archivarase o seu expediente sen máis.

(*) Na columna de "Méritos non acreditados debidamente" recóllense aqueles méritos alegados na solicitude pero que non están suficientemente acreditados na documentación que se achega. Estes méritos non son motivo de exclusión, pero non serán obxecto de valoración se non son emendados en prazo.

Exp.	Entidade	Apellido 1	Apellido 2	Nome	NIF/NIE	Rama de coñecemento	Estadía 1		Estadía 2		Méritos non acreditados debidamente*	Opta á condición de bolsa de Fullbright	Causas de exclusión
							Datas	Zona	Datas Inicio	Zona			
IN606B-2023/007	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	Morado	Castresana	Candela	***8023**	Ciencias Sociais e Xurídicas	01.01.2024 – 31.12.2024	1	01.01.2025 – 31.12.2025	1	-	Non	2.d.

RELACIÓN DE CAUSAS DE EXCLUSIÓN

1. Respecto á solicitude e aos anexos que hai que achegar con ela:
 - a. O enderezo da persoa candidata, o correo electrónico que se indica para as notificacións non é válido ou non se corresponde co da entidade solicitante ou a persoa representante.
 - b. Falta a folla da declaración da persoa candidata a ser destinataria da axuda, está incompleta ou sen asinar (anexo III).
 - c. Falta a folla de aceptación no grupo de investigación ou equivalente, está incompleta ou sen asinar pola persoa responsable (anexo IV).
 - d. Falta a folla de aceptación do departamento, unidade de traballo ou equivalente, está incompleta ou sen asinar (anexo V).
 - e. A declaración da persoa candidata para optar á condición de bolseira Fulbright está incompleta ou sen asinar (anexo VI).
 - f. Non autoriza a consulta nin achega copia do DNI ou documento acreditativo da identidade da persoa candidata.

2. Respecto aos requisitos da persoa candidata a ser destinataria da axuda:
 - a. Acabou os estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento antes do 1 de xaneiro de 2012.
 - b. Non está en posesión do grao de doutoramento ou, no caso de que fose obtido no estranxeiro, non está homologado ou non está declarada a equivalencia.
 - c. O título de doutoramento foi acadado antes do 1 de xaneiro de 2018 ou, no caso de que fose obtido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2017, non se acredita a concorrencia de ningunha das causas que se sinalan no artigo 2.2.b) da Orde.
 - d. Foi seleccionada nalgún dos seguintes programas:
 - Programas posdoutorais da Xunta de Galicia.
 - Axudas nunha convocatoria estatal das actuacións Juan de la Cierva-Formación ou Juan de la Cierva-Incorporación.
 - Axudas e/ou contratos posdoutorais que recollan estadias en centros de investigación no estranxeiro de 2 ou máis anos de duración.
 - Axudas ou contratos posdoutorais no estranxeiro que prevexan unha duración igual ou superior a 2 anos.
 - Ou non marca que non foi seleccionado/a, pero a documentación achegada non permite determinalo con precisión.
 - e. Non figura a situación profesional actual para a comprobación do requisito 2d.

3. Respecto á documentación que hai que achegar coa solicitude:
 - a. Falta ou ten algún erro a declaración da entidade solicitante na que se faga constar a data e a universidade na que a persoa candidata obtivo o grao de doutoramento e a titulación que lle deu acceso a este grao coa data de finalización ou falta a homologación do título de doutoramento.
 - b. Falta o currículo.
 - c. Faltan os documentos xustificativos dos méritos alegados e/ou non están lexibles e/ou non se presentan nun único documento pdf cun índice.
 - d. Falta o plan de traballo ou non se adecúa ao marco temporal de desenvolvemento das axudas, e/ou falta algunha sinatura.

e. Plan de estadias:

1. Falta o plan de estadias ou non se adecúa ao marco temporal de desenvolvemento das axudas (nos anos 2024 e 2025).
2. Non se indican os períodos de estadias, a súa duración ou os centros de destino escollidos.
3. A duración do período total de estadias é inferior a 20 meses ou superior a 24 meses.
4. No caso de fragmentación das estadias, a duración dalgún período é inferior a 12 meses.
5. A totalidade da estadia ou unha parte dela está prevista no país de nacemento da persoa candidata, de nacionalidade ou no que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutoramento que lle deu acceso ao programa, ou nun país no que desenvolveu unha actividade investigadora posdoutoral durante máis de 3 meses ou a documentación achegada non permite determinalo con precisión.
6. No caso de que a persoa candidata opte á bolsa Fulbright, o plan de estadias non se adecúa ao establecido no artigo 5.1.b.5 da Orde.
7. Faltan as cartas de aceptación da/s estadia/s, están sen asinar polo director ou directora do centro ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos (de todos ou algún dos centros de destino); ou non se adecúan ao marco temporal de desenvolvemento das axudas (nos anos 2024 e 2025); ou non se adecúan ás duracións mínimas e/ou máximas establecidas pola Orde.
8. Falta a sinatura da persoa investigadora.
9. Falta a sinatura da persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación que figura na solicitude.
10. O plan de estadias non se axusta ao establecido polo artigo 5.1.a) da Orde (falta información detallada das datas e centros de destino).
11. O cómputo das estadias non se axusta ao indicado artigo 5.1.b.3 da Orde.
12. No caso de que a persoa candidata opte á bolsa Fulbright, non cumpre algún dos requisitos establecidos polo artigo 2.2.d) da Orde.